



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA " REORDENACIÓN INTERIOR, MELLORA DE INSTALACIÓNS E ACCESIBILIDADE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TUI".

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás catorce horas e cinco minutos do día 5 de novembro 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López o arquitecto municipal D. Javier Antoñon Clemente e o concelleiro de Facenda e Patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez. Asiste como secretaria da mesa a funcionaria Dª María Jesús Blanco Martínez.

Seguidamente pola Secretaria se da lectura de informe emitido polo arquitecto técnico municipal, que se transcribe literalmente, solicitado pola Mesa de Contratación en base á reclamación presentada pola empresa "Construcciones Orega, S.L." :

"JOSÉ MANUEL FERREIROA GONZÁLEZ, arquitecto técnico do Concello de Tui a petición da MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA "REORDENACIÓN INTERIOR, MELLORA DE INSTALACIÓNS E ACCESIBILIDADE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TUI" constituída o 31 de outubro de 2014, para que emita INFORME TÉCNICO en base á reclamación presentada pola mercantil "Construcciones Orega, SL", en relación á súa incursión en baixa temeraria, emito o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1.- ANTECEDENTES

- Con data 3 de outubro de 2014 constitúese a mesa de contratación da obra " REORDENACIÓN INTERIOR, MELLORA DE INSTALACIÓNS E ACCESIBILIDADE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TUI" para realizar a apertura da proposición económica. Preséntanse un total de 24 empresas, Despois de proceder á análise das ofertas económicas solicítaselle a tres empresas xustificación da viabilidade das propostas económicas no tocante a axeitada xustificación dos prezos ofertados e relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada, co obxecto de determinar se as súas ofertas presentadas poden ser desproporcionadas ou anormais.

- As devanditas empresas presentan xustificación das súas ofertas, que se me achegan o 16 de outubro de 2014.

- O 20 de outubro se emite informe por quen subscribe, relativo ás xustificacións presentadas.

- O 30 de outubro de 2014 (R.E. 8928) Construcciones Orega, SL presenta reclamación onde literalmente se di

"... D. Santiago Ferreiro Pérez ... en nombre y representación de ... Construcciones Orega, SL ... comparece y EXPONE:

... TERCERO.- Que la empresa presento en tiempo (a fin de no ser excluida del proceso de licitación) justificación de la oferta presentada ...

... QUINTO.- Que la empresa, una vez analizadas con tiempo suficiente las distintas ofertas presentadas ... y acordes al Pliego de Cláusulas Administrativas del concurso ... Se encuentra que, según nuestros cálculos ... la baja temeraria estaría en 140.611,80 € y siendo la oferta de la empresa por encima de dicho cálculo, 141.935,68 €, Construcciones Orega, SL no estaría incurso en baja temeraria o desproporcionada ...

... Por todo lo expuesto, SOLICITA al Excelentísimo Ayuntamiento de Tui, tenga a bien facilitarme los cálculos realizados en cuanto a la obtención de las bajas desproporcionadas o temerarias que justifiquen las mismas por parte de la mesa de contratación ..."

Ainda que a reclamación presentada non é relativa ao informe emitido por este técnico en data de 20 de outubro, procédese a emitir informe relativo ó cálculo das ofertas desproporcionadas ou anormais, aínda entendendo que puidese non ser unha competencia propia deste técnico.

2.- RECLAMACIÓN PRESENTADA POR CONSTRUCCIONES OREGA, SL

Segundo o punto 18º do PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS que rexon na contratación da obra

"... De conformidad co Regulamento de Contratos, art. 85.6, considerárase, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se encontren nos seguintes supostos:

...

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideráranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, se

procederá ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media se calculará sobre as tres ofertas de menor contía ..."

Segundo o meu punto de vista, caben dúas interpretacións en canto á forma de calcular as 10 unidades porcentuais indicadas anteriormente, xa que no Regulamento de Contratos non se especifica claramente (ao meu entender) se estas unidades porcentuais han de referirse ao tipo de licitación ou han de referirse á media aritmética das ofertas presentadas.

Sobre este aspecto fíxose consulta por parte da Confederación Nacional da Construción (C.N.C.) á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

Esta Xunta Consultiva emitiu o informe 47/03, do 2 de febreiro de 2004 relativo á aplicación do artigo 85.4 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A CNC solicitaba 2 aclaracións. A primeira respecto a se se está a referir a unidades porcentuais respecto do tipo ou a unidades porcentuais respecto da media aritmética das ofertas presentadas. A segunda respecto a se se calculan unidades porcentuais respecto da porcentaxe de baixa ou respecto da media aritmética.

Neste informe conclúese que a interpretación correcta consiste en referir as expresións de ofertas inferiores ou superiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas e non á media aritmética das baixas das ofertas presentadas. Ao meu entender non se contesta claramente á primeira cuestión formulada.

No apartado 3 do artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas dise

"Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais."

Neste punto primeiramente fálase de 10 unidades porcentuais que poderían ser calculados sobre o tipo ou sobre a media aritmética. Ao final do punto se fala de 25 unidades porcentuais e neste caso só ten sentido que se calculen sobre o tipo. En ningún momento se fai distinción nun caso ou no outro polo que interpreto que cando se fala de unidades porcentuais no artigo 85 se deben calcular sempre sobre o tipo.

Se as unidades porcentuais a que alude o número 18 do prego de condicións e o punto 85.4 do regulamento de contratos se calcula sobre a media aritmética das ofertas presentadas, resulta que os cálculos realizados por Construcións Orega, SL, que presenta no punto SEXTO da súa reclamación, son correctos e non estarían incursos en baixa temeraria. Si o estarían Construcións Delfin Ferreiro Rodríguez, SL e UTE Construcións Castro Figueiro, SL - Altrasán, SL.

Calculando as unidades porcentuais sobre o tipo resulta que se faría unha primeira media con todas as ofertas presentadas

BASE DE LICITACION	197.599,45
OFERTAS PRESENTADAS	
1.- Aberman Empresa Constructora, S.L.	154.799,41
2.- UTE Construcciones Castro Figueiro, S.L. - Altrasan, S.L.	139.207,88
3.- Elecnor Infraestructuras	154.515,03
4.- Construcciones Fечи, S.L.	174.875,52
5.- Construcciones Abal, S.A.	191.999,57
6.- Desmaco, S.L.	161.675,87
7.- Plaintec Obras y Servicios, S.L.	147.822,73
8.- Construcciones Seovi, S.L.	169.370,96
9.- Civis Global, S.L.	162.806,77
10.-Servicon Saneamento e Obras, S.L.	181.791,49
11.-SYR-AMG, S.L.	156.004,67
12.- Emergis Construcción, S.L.	164.995,54
13.- Sergonsa Servicios, S.L.	149.124,03



14.- Conservia Rehabilitación y Servicios, S.L.	153.633,57
15.- Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	156.992,76
16.- Narom, S.L.	183.451,33
17.- Construcciones Vale, S.L.	179.993,24
18.- Decoraciones J. Bello, S.L.	163.750,66
19.- Arias Hermanos Construcciones, S.A.	155.393,35
20.- Construcciones Delfin Ferreiro Rodriguez, S.L.	135.632,26
21.- Construcciones Orega, S.L.	141.935,69
22.- Construcciones Obras y Servicios, S.L.	158.553,74
23.- CYS Hispania, S.L.	156.348,26
24.- Hordescon, S.L.	167.267,93

Media aritmética das ofertas presentadas	160.914,26
10 uds porcentuais calculadas sobre o tipo	19.759,95
Excluidos 2ª media as ofertas que superen	180.674,21

Se realizaría unha 2ª media descartando as ofertas de

5.- Construcciones Abal, S.A.	191.999,57
10.-Servicon Saneamento e Obras, S.L.	181.791,49
16.- Narom, S.L.	183.451,33

Facendo a 2ª media resulta

1.- Aberman Empresa Constructora, S.L.	154.799,41
2.- UTE Construcciones Castro Figueiro, S.L. - Altrasan, S.L.	139.207,88
3.- Elecnor Infraestructuras	154.515,03
4.- Construcciones Fечи, S.L.	174.875,52
6.- Desmaco, S.L.	161.675,87
7.- Plaintec Obras y Servicios, S.L.	147.822,73
8.- Construcciones Seovi, S.L.	169.370,96
9.- Civis Global, S.L.	162.806,77
11.-SYR-AMG, S.L.	156.004,67
12.- Emergis Construcción, S.L.	164.995,54
13.- Sergonsa Servicios, S.L.	149.124,03
14.- Conservia Rehabilitación y Servicios, S.L.	153.633,57
15.- Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	156.992,76
17.- Construcciones Vale, S.L.	179.993,24
18.- Decoraciones J. Bello, S.L.	163.750,66
19.- Arias Hermanos Construcciones, S.A.	155.393,35
20.- Construcciones Delfin Ferreiro Rodriguez, S.L.	135.632,26
21.- Construcciones Orega, S.L.	141.935,69
22.- Construcciones Obras y Servicios, S.L.	158.553,74
23.- CYS Hispania, S.L.	156.348,26
24.- Hordescon, S.L.	167.267,93

2ª Media aritmética das ofertas presentadas	157.366,66
10 uds porcentuais calculadas sobre o tipo	19.759,95
Baixa temeraria as ofertas menores de	137.606,72

Polo que as empresas en baixa temeraria serían

Ao meu entender deberíanse calcular as unidades porcentuais con respecto ao tipo e sumalas ou restalas á media aritmética das ofertas presentadas, resultando os cálculos que se indicaron anteriormente, aínda que entendo que é unha decisión que non me corresponde tomar por non a entender como propia das miñas competencias.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario.

Tui, 4 de novembro de 2014."

Á vista do exposto polo arquitecto técnico municipal no seu informe, a Mesa de Contratación, por unanimidade adoptou o seguinte acordo:

1º.- Deixar sen efecto os acordos adoptados na Mesa de Contratación do pasado 22 de outubro 2014.

2º.- Non admitir á licitación a proposta económica presentada pola empresa "Construcciones Delfin Ferreiro Rodríguez, S.L." dado que estaría incurso en baixa temeraria ou desproporcional e non xustifica a súa viabilidade, de conformidade co informe emitido polo arquitecto técnico municipal de data 20 de outubro 2014.

3º.- Admitir as restantes propostas económicas presentadas, dado que non incorren en baixa "anormal ou desproporcional", outorgando as seguintes puntuacións, de conformidade coa fórmula establecida no prego de cláusulas administrativas, ata un máximo de 10 puntos:

Ofertas	Empresas	Tipo	197.599,45 €	Bajas	Puntuación	orden
139.207,88 €	UTE Construcciones Castro Figueiro,S.L. - Altrasan, S.L.			58.391,57 €	10	1ª
141.935,69 €	Construcciones Orega, S.L.			55.663,76 €	9,53	2ª
147.822,73 €	Plaintec Obras y Servicios, S.L.			49.776,72 €	8,52	3ª
149.124,03 €	Sergonsa Servicios, S.L.			48.475,42 €	8,30	4ª
153.633,57 €	Conservia Rehabilitación y Servicios,S.L.			43.965,88 €	7,53	5ª
154.515,03 €	Elecnor Infraestructuras			43.084,42 €	7,38	6ª
154.799,41 €	Aberman Empresa Constructora, SL			42.800,04 €	7,33	7ª
155.393,35 €	Arias Hermanos Construcciones, SA			42.206,10 €	7,23	8ª
156.004,67 €	SYR-AMG, S.L.			41.594,78 €	7,12	9ª
156.348,26 €	CYS Hispania, S.L.			41.251,19 €	7,06	10ª
156.992,76 €	Construcciones y Proyectos Abilleira, SL			40.606,69 €	6,95	11ª
158.553,74 €	Construcciones Obras y Servicios, SL			39.045,71 €	6,69	12ª
161.675,87 €	Desmaco, S.L.			35.923,58 €	6,15	13ª
162.806,77 €	Civis Global, S.L.			34.792,68 €	5,96	14ª
163.750,66 €	Decoraciones J. Bello, S.L.			33.848,79 €	5,80	15ª
164.995,54 €	Emergis Construcción, S.L.			32.603,91 €	5,58	16ª
167.267,93 €	Hordescon, S.L.			30.331,52 €	5,19	17ª
169.370,96 €	Construcciones Seovi, S.L.			28.228,49 €	4,83	18ª
174.875,52 €	Construcciones Fechi, S.L.			22.723,93 €	3,89	19ª
179.993,24 €	Construcciones Vale, S.L.			17.606,21 €	3,02	20ª
181.791,49 €	Servicon Saneamento e Obras, SL			15.807,96 €	2,71	21ª
183.451,33 €	Narom, S.L.			14.148,12 €	2,42	22ª
191.999,57 €	Construcciones Abal, S.A.			5.599,88 €	0,96	23ª



3.- Á vista das puntuacións outorgadas a Mesa de Contratación acorda proporner á UTE Construcciones Castro Figueiro, S.L. - Altrasan, S.L. , e como representante D. Jose Manuel Castro Senra, DNI 35548997J, con enderezo social en avda. Redondela, nº 94, baixo - Chapela, cp 36320 Redondela (Pontevedra), como oferta económica máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación. Dado que as empresas presentaron certificación do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, requirirase ó licitador aqueles aspectos que se indiquen no art. 151 do TRLCSP que non se contemplan nas referidas certificacións.

Rematado o acto se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.
O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo: María Jesús Blanco Martínez.

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O ARQUITECTO MUNICIPAL

O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo. Javier Antoñon Clemente.

Asdo: Marcelino E. Cendón Vázquez.



